

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Diego Alcantarilla Rei
D^a María Dolores Pan Lesta
D^a María Mercedes Prieto Lamas
D. Daniel Mallo Castro
D^a Patricia María Parceró Quiñoy
D. David López Saborido

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dez de outubro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D^a. María Dolores Pan Lesta, D^a. María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D^a. Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asisten á sesión a interventora municipal, D^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 3 de outubro de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 3 de outubro de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de 25 de setembro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas

de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se convoca para o ano 2023 (código de procedemento TR351B). DOG núm. 190, de 05-10-2023.

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO221: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2023. BOP núm. 192, do 06.10.2023.

- Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, de 4 de outubro de 2023, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 239, do 06.10.2023.

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases do programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais durante o ano 2024. BOP núm. 194, do 10.10.2023.

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal, técnico nos servizos municipais de igualdade de xénero no ano 2024. BOP núm. 194, do 10.10.2023.

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a adquisición de vehículos para os desprazamentos do persoal do servizo de axuda no fogar (SAF) libre concorrencia (F0ICV/2024). BOP núm. 194, do 10.10.2023.

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2024. BOP núm. 194, do 10.10.2023.

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2024. BOP núm. 194, do 10.10.2023.

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2024. BOP núm. 194, do 10.10.2023.

- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras do programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes durante o exercicio 2024. BOP núm. 194, do 10.10.2023.

- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña, de menos de 50.000 habitantes, para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo no ano 2024. BOP núm. 194, do 10.10.2023.
- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos da provincia da Coruña para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2024. BOP núm. 194, do 10.10.2023.
- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2024. BOP núm. 194, do 10.10.2023.

3.- PROPOSTAS

ÚNICA.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN ESPECÍFICA DO CONCELLO DE CAMBRE A DIVERSOS AOCRDOS MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO: SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA; VEHÍCULOS AUTOMÓBILES DE TURISMO; E SUBMINISTRACIÓN DE MOTOCICLETAS E ATV/QUADS

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, de data 6 de outubro de 2023 (CVD: eNHmYu+tgN0yIx8zdE5d), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 26 de xaneiro de 2023, acordou solicitar a adhesión do Concello de Cambre á Central de Contratación do Estado, de acordo co disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada; e manifestar expresamente a súa vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento da Central de Contratación do Estado.

Con data 22 de febreiro de 2023 rexistrouse de entrada neste concello, co núm. 20239000000642, a Resolución da directora xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, de data 15 de febreiro de 2023, pola que se acorda a adhesión xenérica do Concello de Cambre á Central de Contratación do Estado, e na que se fai contar que o Concello de Cambre ten o dereito de adherirse aos distintos acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición da Central de Contratación do Estado, para cuxa efectividade poderá solicitar a súa adhesión específica a un acordo (ou acordos) marco ou sistema (sistemas) dinámico de adquisición.

En canto ao procedemento de adhesión específica, o artigo 8 da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, di:

«Artigo 8. Procedemento de adhesión.

(.../...)

Nunha segunda fase, a entidade formalizará a adhesión voluntaria a un acordo marco ou un sistema dinámico de adquisición específico, o que implicará a obrigaón do ente ou entidade adherida de realizar todas as contratacións a través deste, agás cando os bens adxudicados ou o réxime de prestación dos servizos non reúna as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades do ente ou entidade individualmente adherido. Esta circunstancia requirirá información trimestral á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación está obrigada a facilitar o acceso á aplicación informática CONECTA-CENTRALIZACIÓN aos entes e entidades que se adhiran voluntariamente a un acordo marco ou a un sistema dinámico de adquisición específico.

É obrigaón dos entes adheridos dilixenciar a proposta de adxudicación polo órgano de control interno da xestión económica-financeira das entidades suxeitas a función interventora. Doutra banda, teñen dereito a recibir información individualizada dos acordos marcos e sistema dinámico de adquisición a celebrar co fin de solicitar a súa adhesión específica a estes.

O período de vixencia do acordo específico de adhesión será equivalente ao do acordo marco ou sistema dinámico de adquisición de referencia.

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación publicará a través do portal contratación centralizada os modelos de acordo de adhesión xenéricos e específicos.»

Visto canto antecede, en uso das atribucións que me foron delegadas por Resolución da Alcaldía núm.11713/2023, do 4 de xullo, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 1172/2023, do 4 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conforme co disposto polo apartado 3 do artigo 228 e os apartados 2,3 e 4 do artigo 229 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, así como polos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, solicitar a adhesión por parte do Concello de Cambre (A Coruña) aos acordos marco da Central de Contratación do Estado, indicados a continuación, someténdose expresa e voluntariamente ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. - Ámbito obxectivo

O Concello de Cambre (A Coruña) adhírese voluntariamente aos acordos marco:

- AM 23/2021 subministración de enerxía eléctrica
- AM 14/2022 vehículos automóbiles de turismo
- AM 19/2022 subministracións de motocicletas e ATV/QUADS

O organismo destinatario, que se atopa incluído no ámbito desta adhesión, é o seguinte:

Concello de Cambre
NIF P-1501700G
DIR 3 L01150177

SEGUNDA. - Período de duración

O período de vixencia do presente acordo de adhesión será o dos acordos marcos de referencia incluídas as súas posibles prórrogas.

TERCEIRA. - Obrigacións da entidade adherida

Mediante a presente adhesión aos acordos marco indicados, o Concello de Cambre obrígase a:

- 1) Efectuar a contratación da totalidade das subministracións de bens incluídos neles a través do Sistema Estatal de Contratación Centralizada, nos termos establecidos nos respectivos acordos marco celebrados coas empresas adjudicatarias, así como nas Instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Excepcionalmente, a contratación destas subministracións á marxe sistema estatal de contratación centralizada poderá ser realizada cando os bens adjudicados ou o réxime de prestación dos servizos establecido non reúnan as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades do Concello de Cambre. Destas circunstancias, informarase á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación con periodicidade trimestral.

- 2) Realizar as actuacións que lle corresponden no proceso de licitación e na tramitación dos contratos baseados ata a súa extinción, e cumprir coas obrigacións derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos nos acordos marco específicos aos que agora se adhira, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.
- 3) Realizar a recepción dos correspondentes bens subministrados e efectuar o pago deles conforme á normativa vixente.
- 4) Designar un órgano de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación e notificar calquera modificación que afecte a este.
- 5) Proporcionar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, canta documentación e información lle sexa requirida, en relación con calquera expediente.

CUARTA. - Procedemento para a adjudicación dos contratos baseados

- 1) O órgano de contratación para a adjudicación dos contratos baseados en acordos marco do sistema estatal de contratación centralizada será o previsto nas normas xerais aplicables á entidade adherida, conforme establece o artigo 229.6 da LCSP. Así mesmo, corresponde ao órgano competente da entidade adherida a realización de todas as actuacións relativas ao proceso de licitación daqueles conforme aos pregos que rexen o acordo marco, as instrucións que a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación dite respecto diso e o establecido no documento de licitación. Cando nas normas e instrucións que rexen o Acordo Marco, efectúese algunha referencia aos limiares dos contratos de subministración ou de servizos suxeitos a regulación harmonizada, entenderase que son os establecidos para o Estado, na Lei de contratos do sector público.
- 2) Os contratos baseados adjudicaranse de acordo co previsto no artigo 221 da Lei de contratos do sector público, no acordo marco e nas instrucións que se ditén respecto diso pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.
- 3) O financiamento dos contratos baseados correrá a cargo do organismo destinatario.

- 4) O Concello de Cambre informa de que as licitacións electrónicas de contratos baseados levarán a cabo na seguinte plataforma:

- Plataforma de Contratación do Sector Público

QUINTA. – Efectos da adhesión

A adhesión específica a un acordo marco en vigor, producirá efecto desde o día seguinte ao da adopción, no seu caso, do correspondente acordo pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación. Finalizada a vixencia do acordo marco e no seu caso, a das súas posibles prórrogas extinguirase a adhesión a este.

Aínda que finalice a vixencia do acordo marco, incluíndo as súas posibles prórrogas, os correspondentes contratos baseados continuarán en vigor ata a súa extinción.

Segundo.- Dispoñer que a secretaria xeral da Corporación remita á Subdirección Xeral de Coordinación e Xestión Orzamentaria (Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación-Ministerio de Facenda), o modelo de solicitude de adhesión específico aprobado pola Dirección Xeral, o cal se atopa aloxado no Portal de Contratación Centralizada, ao que pode accederse no enderezo <https://contratacioncentralizada.gob.es/>.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 6 de outubro de 2023 (CVD: eNHmYu+tgN0ylx8zdE5d), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa resolución da concelleira delegada de área núm. 1578/2023, de data 28 de setembro e rematan coa resolución da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade núm. 1628/2023, de data 5 de outubro, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1578/2023	28-09-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses. Solicitante: AMCL
1579/2023	28-09-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses. Solicitante: PFF
1580/2023	29-09-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses. Solicitante: EdoS

1581/2023	29-09-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de outubro de 2023
1582/2023	29-09-2023	Aprobar a nómina do mes de setembro de 2023 cun total de retribucións brutas de 472.985,80 euros
1583/2023	29-09-2023	Cesar con data 30 de setembro de 2023 a funcionario de carreira do Concello de Cambre por acceder ao posto de capataz, grupo IV, da Unidade de Obras e Servizos do Departamento de Obras e Servizos Básicos, código do posto na Relación de Postos de Traballo 04.00.00.01 do Concello de Bergondo, de acordo coa Resolución de data 21 de setembro de 2023 da Alcaldía de dito concello e declarar o seu pase neste Concello de Cambre á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público de conformidade co artigo 174 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1584/2023	27-09-2023	Autorizar a apertura da urna central sinalada co número 34, letra B, no cemiterio municipal de Cambre solicitada por JDP D ao obxecto de inhumar o cadáver de JPG
1585/2023	27-09-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 123, letra B, Fila 1 no cemiterio municipal de Cambre solicitada por JMVB D ao obxecto de inhumar o cadáver de AEBR
1586/2023	02-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a MVC por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1587/2023	02-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a YVDA, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
1588/2023	02-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a LRWF, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1589/2023	02-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a OJAT, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1590/2023	02-10-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: YdelCCF
1591/2023	02-10-2023	Non estimar o recurso de reposición interposto polo funcionario interino IFD contra a resolución da concelleira delegada da Area de Economía,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Facenda e Recursos Humanos número 2305/2022 de data 22 de decembro de 2022 pola que convocan os procesos de selección para a estabilización de emprego temporal correspondentes ás prazas incluídas na Oferta de Emprego Público de 2022 e pola que se aproban as bases reguladoras
1592/2023	02-10-2023	Non estimar o recurso de reposición interposto pola funcionaria dona VPT contra a a resolución da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2305/2022 de data 22 de decembro de 2022 pola que convocan os procesos de selección para a estabilización de emprego temporal correspondentes ás prazas incluídas na Oferta de Emprego Público de 2022 e pola que se aproban as bases reguladoras
1593/2023	02-10-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses. Solicitante: CFV
1594/2023	02-10-2023	Concesión e baixa de bonificacións do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros (3º trimestre 2023)
1595/2023	02-10-2023	Concesión e baixa de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de aboamento ostente a condición de familia numerosa (3º trimestre 2023).
1596/2023	03-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de APP para a xestión da biomasa existente na finca sita en Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1597/2023	03-10-2023	Arquivar o expediente número 2021/I002/000095, incoado a MC e R S.L. pola ocupación da vía pública en Constitución, O Temple, con contedor para entullos, acopio de materias diversos e uns valos perimetrais, sen título habilitante
1598/2023	03-10-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en cinco mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte á cafetería vinculada á Escola de padel ASM situada na rúa Polígono, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale pegada a fachada do establecemento, sen exceder a fronte do local e deixando libre na beirarrúa un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: RPFA
1599/2023	03-10-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en quince mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte ao café-bar Garimbas Bar situado no Paseo Marítimo, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale sen sobrepasar o fronte do local, deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e gardando unha distancia mínima de 3 metros ao depósito de gas soterrado existente fronte ao establecemento. Solicitante: RPFA
1600/2023	03-10-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dez mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte ao Bar



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Moma situado na rúa Tapia, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale sen exceder o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e permitindo o acceso á rampla peonil do edificio. Solicitante: CLC
1601/2023	03-10-2023	Declarar suspendido o procedemento incoado por LAMR para a concesión de licenza para construción de vivenda unifamiliar no lugar da Xira, parroquia de Sigras, expediente nº 2022/U022/00086, pola aprobación inicial do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre por acordo do Pleno desta Corporación do 1 de decembro de 2022
1602/2023	03-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MBMN para a xestión da biomasa existente na finca sita en Lamiño, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1603/2023	03-10-2023	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MJPR e os herdeiros de ATF, pola cubrición da terraza na vivenda sita en rúa Profesor Monasterio, Temple, xerando un volume, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1604/2023	03-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución a EDG para a xestión da biomasa existente na finca sita en San Marcos, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1605/2023	03-10-2023	Inadmitir a trámite a solicitude presentada en data 21 de xullo de 2022 por BFM actuando en nome e representación da entidade Reale Seguros Generales S.A e de AMC, por non ser o Concello de Cambre a administración competente para coñecer de dita reclamación
1606/2023	04-10-2023	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios, e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo, correspondente ao mes de xullo de 2023
1607/2023	04-10-2023	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios correspondente ao mes de agosto de 2023
1608/2023	04-10-2023	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, duplicidade e falecemento correspondente ao mes de agosto 2023
1609/2023	04-10-2023	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a SSP e JSP, pola cubrición de terraza da vivenda sita en rúa Profesor Monasterio, xerando un volume, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1610/2023	04-10-2023	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar dos Campóns, parroquia de Sigras, en solo cualificado como urbano de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		núcleo rural en las Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre e solo urbano de vivenda unifamiliar extensiva no Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente. Solicitante: LRBR
1611/2023	04-10-2023	Conceder a licenza para o modificado da rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Lourenciño, parroquia de Cambre, en solo cualificado como non urbanizable común interior a núcleo rural, con licenza de obra nº 2021/U022/78. Solicitante: PCR
1612/2023	04-10-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe de 886.976,01 euros No presente expediente recoñécense obrigas por importe parcial de 61.524,95 euros
1613/2023	04-10-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar MFM consistentes na demolición da vivenda unifamiliar, sita na estrada da Estación, Cambre sen licenza municipal nin comunicación previa, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1614/2023	04-10-2023	Iniciar procedemento sancionador a MFM para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da realización de actos consistentes na demolición dunha vivenda unifamiliar na finca sita na estrada da Estación, sen licenza municipal nen comunicación previa, sendo cualificados tales feitos coma infracción grave polo art. 158.3 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
1615/2023	04-10-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar FMFM consistentes na demolición da vivenda unifamiliar e construcións auxiliares, sitas na estrada da Estación, Cambre sen licenza municipal nin comunicación previa, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1616/2023	04-10-2023	Conceder a licenza para a reforma da vivenda unifamiliar e demolición da construción auxiliar de 30 m ² sitas no lugar de Sixto, parroquia de Cambre, en solo cualificado como de núcleo rural nas Normas subsidiarias do planeamento de Cambre e como solo urbano no Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente o 1 de decembro de 2022. Solicitante: M ^a ICS
1617/2023	04-10-2023	Iniciar procedemento sancionador a FMFM para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da realización de actos consistentes na demolición dunha vivenda unifamiliar e as construcións auxiliares existentes na finca sita na estrada da Estación, sen licenza municipal nen comunicación previa, sendo cualificados tales feitos coma infracción grave polo art. 158.3 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
1618/2023	04-10-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1619/2023	04-10-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1620/2023	05-10-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 45, letra B do cemiterio municipal de Cambre solicitada por MID ao obxecto de inhumar o cadáver. Solicitante: JID
1621/2023	05-10-2023	Declarar a ARM responsable da comisión dunha infracción de carácter leve consistente non adoptar as medidas necesarias para evitar os ladridos provenientes do lugar de Estanque, O Temple, tipificada no artigo 76.1 letra f) da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruídos e vibracións perturbadores, impoñéndolle como consecuencia a sanción de multa de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		150 euros, de acordo co disposto no artigo 78.1 a) da citada norma
1622/2023	05-10-2023	Asignar o número 6-A a parcela e construción situada no lugar de Meixigo, entidade Cambre, CP 15669, Cambre. Solicitante: LRS
1623/2023	05-10-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 159.468,32 euros con reparos da intervención municipal
1624/2023	05-10-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1625/2023	05-10-2023	Autorizar a apertura da urna central sinalada co número 4, letra A no cemiterio municipal de Cambre solicitada por FRG- ao obxecto de inhumar o cadáver de JARG
1626/2023	04-10-2023	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao terceiro trimestre de 2023, no que constan 12.680 recibos por un importe de 761.603,87 euros
1627/2023	05-10-2023	Aprobar as condicións para o desenvolvemento da actividade XV Xuntanza do Maior
1628/2023	05-10-2023	Autorizar a apertura da urna central sinalada co número 27, letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada MEFM ao obxecto de inhumar o cadáver de JICM

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo